



Confraría de Muxía "Virxe da Barca"
A Marina, s/n
15124 Muxía

Confraría: Confraría de Muxía "Virxe da Barca"
Asunto: Ratificación (condicionada) Plan Electoral 2014

O día 06.05.2014 o Diario Oficial de Galicia publicou a Resolución do 05.05.2014 pola que se convocan eleccións para a renovación dos órganos reitores das confrarías de pescadores de Galicia, incluídas as súas agrupacións sectoriais e das súas federacións.

Consonte ao artigo 96 do Decreto 8/2014, do 16 de xaneiro, polo que se regulan as confrarías de pescadores de Galicia e as súas federacións, a comisión electoral aprobará o plan electoral no prazo de cinco días desde a data da súa constitución, que serán remitidos á consellería competente en materia de pesca para súa ratificación.

O contido mínimo dos Plans Electorais vén determinado no devandito artigo 96 do Decreto 8/2014, do 16 de xaneiro e no artigo 13 da Orde do 29 de abril de 2014 polo que se regulan as eleccións para a renovación dos órganos reitores de confrarías de pescadores de Galicia e das súas federacións.

Recibido neste Servizo de Apoio e Relacións coas Organizacións Sectoriais o Plan Electoral da Confraría de Muxía "Virxe da Barca" para as eleccións que se van celebrar o vindeiro 28.06.2014 e á vista dos preceptos legais sinalados, procede a **RATIFICACIÓN** do Plan Electoral, coas seguintes observacións:

O Plan Electoral ratificado por este Servizo de Apoio e relacións coas organizacións Sectoriais, e recollido no anexo á acta nº MA02/2014 co título "Acta da comisión electoral de modificación do Plan Electoral", substitúe e anula ao anterior.

O Secretario da comisión electoral garantirá a exposición do Plan Electoral ratificado no taboleiro de anuncios da confraría durante o desenvolvemento de todo o proceso electoral, así como do presente documento de ratificación.

Santiago de Compostela, 28 de maio de 2014

A xefa do Servizo de Apoio e Relacións coas Organizacións Sectoriais

Susana Touza Figueiras





ELECCIÓN AOS ÓRGANOS DE GOBERNO DA CONFRARÍA DE PESCADORES DE MUXIA

ANEXO Acta nº MA02/2014

ACTA DA COMISIÓN ELECTORAL DE MODIFICACION DO PLAN ELECTORAL

En Muxía, ás 12 horas do día 09 de Maio do 2014, reúnen-se na sede da confraría, os membros da comisión electoral que a seguir se relacionan, para tratar a seguinte orde do día:

- Modificación do plan electoral.

PRESIDENTE/A: AURELIANA SAR ROMERO
 SECRETARIO/A: IGNACIO CASTRO FERNANDEZ
 VOGAL: SERGIO LEMA AMIGO
 VOGAL: ANTONIO HAZ AMIGO
 VOGAL: JESUS PAZ BUA

Ao concorrer polo menos a metade máis un dos membros, tendo que ser dous deles o Presidente/a e o Secretario/a, queda constituída esta comisión electoral e dá comezo a sesión.

Segundo o censo da confraría, que ascende a 207 afiliados, correspóndenlle 18 membros na xunta xeral, e 8 no cabido.

Para a configuración da XUNTA XERAL, destes membros 9 corresponden á AGRUPACIÓN DE TRABALLADORES e 9 á AGRUPACIÓN DE ARMADORES.

PLAN ELECTORAL CONFRARÍA DE PESCADORES.

1. DISTRIBUCIÓN DE VOGAIS DA XUNTA XERAL DA CONFRARÍA.

O censo de membros da confraría de pescadores de MUXIA, está composto por un total de 207 persoas membro. Consonte ao artigo 23.3 do Decreto 8/2014, do 16 de xaneiro, polo que se regulan as confrarías de pescadores de Galicia (en diante Decreto 8/2014), con este número de membros corresponde constituír una xunta xeral con 18 vogalías, que se repartirán de xeito paritario en 9 vogalías para o colectivo de empresarios/as e 9 vogalías para o colectivo de traballadores/as.

2. DISTRIBUCIÓN DE VOGAIS DA XUNTA XERAL POR SECTOR DE PRODUCCIÓN NO COLECTIVO DE EMPRESARIOS/AS.

O censo de empresarios/as da confraría de pescadores de MUXIA, está composto por un total de 24, persoas membro que se reparten nos seguintes sectores de produción:

Denominación	Nº de membros	Reparto vogalías XUNTA XERAL
Altura	9	3
Baixura	7	3
Recursos Percebe	8	3

3. DISTRIBUCIÓN DE VOGAIS DA XUNTA XERAL POR SECTOR DE PRODUCCIÓN NO COLECTIVO DE TRABALLADORES/AS.

Lémbrese que esta acta, unha vez cumprimentada, deberá ser imprimida, asinada e selada, e a continuación será escaneada e inserida na aplicación



RATIFICADO





O censo de traballadores/as da confraría de pescadores de Muxia, está composto por un total de 183 persoas membro que se reparten nos seguintes sectores de produción:

Denominación	Nº de membros	Reparto vogais XUNTA XERAL
Traballadores	134	7
Recursos Percebe	49	2

4. DISTRIBUCIÓN DE VOGAIS DO CABIDO POR SECTOR DE PRODUCCIÓN NO COLECTIVO DE EMPRESARIOS/AS.

O censo de empresarios/as da confraría de pescadores de Muxia, está composto por un total de 24 persoas membro que se reparten nos seguintes sectores de produción:

Denominación	Nº de membros	Reparto vogais CABIDO
Altura	9	2
Baixura	7	1
Recursos Percebe	8	1

5. DISTRIBUCIÓN DE VOGAIS DO CABIDO POR SECTOR DE PRODUCCIÓN NO COLECTIVO DE TRABALLADORES/AS.

O censo de empresarios/as da confraría de pescadores de MUXIA, está composto por un total de 184 persoas membro que se reparten nos seguintes sectores de produción:

Denominación	Nº de membros	Reparto vogais CABIDO
Traballadores	134	3
Recursos Percebe	49	1

6. DISTRIBUCIÓN DE VOGAIS NA AGRUPACIÓN SECTORIAL DE PERCEBE

O censo da agrupación sectorial DO PERCEBE, está composto por un total de 64 persoas membro polo que lle corresponden 5 vogais e un Presidente, co seguinte reparto: 5 vogais natos/as e 1 vogais por elección.

7. DISTRIBUCIÓN DE VOGAIS NA AGRUPACIÓN SECTORIAL DE

8. DISTRIBUCIÓN DE VOGAIS NA AGRUPACIÓN SECTORIAL DE

Lémbrese que esta acta, unha vez cumprimentada, deberá ser imprimida, asinada e selada, e a continuación terá que escaneada e inserida na aplicación



RATIFICADO





9. SISTEMA ELECTORAL.

Segundo o recollido no punto 2 deste plan electoral, dentro do colectivo de empresarios/as cada elector poderá dar o seu voto ao número máximo de vogais que corresponde ao sector de produción no que ten dereito a exercer o voto, consonte ao seguinte criterio:

Denominación	Nº máximo de vogais a marcar (X)
Altura	3
Baixura	3
Recursos Percebe	3

Segundo o recollido no punto 3 deste plan electoral, dentro do colectivo de traballadores/as cada elector poderá dar o seu voto ao número máximo de vogais que corresponde ao sector de produción ou agrupamento no que ten dereito a exercer o voto, consonte ao seguinte criterio:

Denominación	Nº máximo de vogais a marcar (X)
Traballadores Tripulantes	7
Recursos Percebe	2

10. LUGAR, DATA CELEBRACION ELECCIONS.

As votacións terán lugar o día **28 de XUNIO do 2014**, data indicada no calendario electoral no local da confraría situado na Sala de Xuntas da Lonxa e durará desde as **10h00 horas ata as 14h00 horas**.

Rogos e preguntas.

Non habendo máis asuntos que tratar, ás 12h30 horas rematouse a sesión, redactándose a seguinte acta que, en proba de conformidade, asinan todos os asistentes.

PRESIDENTE/A

SECRETARIO/A

VOGAIS